

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 3 DE SETEMBRO DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, por un importe total de trescentos oitenta e seis mil trescentos cincuenta e catro euros e catorce céntimos (386.354,14 euros).

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela para o Plan de Actuación 2015/16 do Campus Terra, por un importe total dun millón trescentos sesenta e cinco mil setecentos euros (1.365.700,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o centro neuropsicopedagóxico O Pelouro para o funcionamento e a reserva de prazas para alumnado durante o curso 2015-2016, por un importe total de trescentos corenta e oito mil oitocentos vinte e sete euros e vinte e cinco céntimos (348.827,25 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial da Coruña para o funcionamento do centro de formación profesional Calvo Sotelo durante o curso escolar 2015/16, por importe de cento seis mil novecentos vinte e cinco euros con sesenta e un céntimos (106.925,61 euros).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial da Coruña para o funcionamento do centro Rafael Puga Ramón durante o curso escolar 2015/16, por importe de catrocenos noventa mil noventa e seis euros con cincuenta céntimos (490.096,50 euros).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (Cogami) para a realización do proxecto “En-Red-Arte”, por un importe total de vinte mil euros (20.000,00 euros).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e a Federación de Razas Autóctonas de Galicia (Boaga) para continuar coa execución de determinadas actividades definidas no programa de recuperación, conservación e fomento dos recursos zootécnicos autóctonos de Galicia en perigo de extinción, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), por un importe de douscentos corenta e dous mil euros (242.000,00 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a Estratexia de Gasificación 2015-2020.
- Informe sobre a medida deseñada pola Xunta de Galicia para evitar o corte da subministración eléctrica ás familias galegas máis vulnerables.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe do Big Data do Servizo Galego de Saúde.

MEDIO AMBIENTE DESTINARÁ MÁIS DE 380.000 EUROS, PROCEDENTES DA EXPLOTACIÓN DA PRESA DO UMIA, AOS CONCELLOS DE CALDAS DE REIS, CUNTIS E MORAÑA PARA O FINANCIAMENTO DE OBRAS LOCAIS

- *O convenio, de carácter anual, xorde como compensación económica aos concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña pola construción do encoro do Umia nos seus termos municipais*
- *A repartición desta cantidade executarase a partes iguais entre os citados municipios, e para cada concello resultará un total de 128.784,71 euros*
- *A presa, que abastece os concellos de Portas, Vilagarcía e Caldas de Reis e o sistema do Salnés, cumpre unha dobre función: regular o abastecemento e regular o caudal en tempo de choivas, o que permite un maior control no caso das inundacións*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre Augas de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra e os Concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña co fin de dar cumprimento á concesión administrativa para a explotación como aproveitamento hidroeléctrico da presa de Caldas.

Augas de Galicia destinará a cantidade de 386.354,14 euros para o financiamento de actuacións de carácter educativo, cultural e de asistencia social realizadas a partir do 1 de xaneiro de 2015 nos concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña. A repartición desta cantidade executarase a partes iguais entre os citados municipios, e para cada concello resultará un total de 128.784,71 euros.

Este convenio establece as bases que rexerán a cooperación técnica e económica entre as citadas administracións respecto das cantidades do canon devindicado pola explotación do aproveitamento hidroeléctrico da presa de Caldas de Reis, que se destina a estes concellos para o financiamento de obras ou accións de carácter educativo, cultural e social.

O convenio é anual e xorde como compensación económica aos concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña pola construción do encoro do Umia nos seus termos municipais.

Cómpre lembrar que Augas de Galicia promoveu a construción do encoro de Caldas de Reis, no río Umia, e que procedeu a licitar o concurso da oportuna concesión administrativa no mes de outubro do 1997. Neste concurso incluíase o preceptivo prego de bases ao cal se suxeitaba a concesión do aproveitamento, no que se prevía que Augas de Galicia destinaría unha cantidade anual para obras e actuacións de carácter educativo, cultural e asistencia social para realizar nos concellos de Caldas de Reis, Cuntis e Moraña, que se materializarían a través da Deputación de Pontevedra mediante un convenio.

A presa de Caldas, que abastece os concellos de Portas, Vilagarcía e Caldas de Reis e o sistema do Salnés, cumpre unha dobre función: regular o abastecemento e regular o caudal en tempo de choivas, o que permite un maior control no caso das inundacións.

A CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN DESTINARÁ MÁIS DE 1,3 MILLÓNS DE EUROS Á PRIMEIRA FASE DE CREACIÓN DO CAMPUS TERRA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, EN LUGO

- ***O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura dun convenio coa USC para desenvolver o Plan de actuación 2015-2016, que definirá a gobernanza e propondrá as primeiras accións estratéxicas para o avance deste proxecto***

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace á sinatura dun convenio de colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o desenvolvemento do Plan de actuación 2015-2016 do Campus Terra en Lugo, a primeira das fases do Plan estratéxico desta iniciativa, que se enmarca no impulso que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria está a dar á especialización dos campus galegos, en especial nos campus periféricos. Cómpre lembrar que, nesta liña, xa está en marcha o desenvolvemento do Campus Auga da Universidade de Vigo en Ourense; e do Campus Industrial da Universidade da Coruña en Ferrol.

O obxectivo da especialización dos campus periféricos das universidades galegas é impulsar a actividade investigadora arredor dos sectores máis potentes da economía galega e dos eidos académicos con máis prestixio do Sistema universitario de Galicia (SUG). O que se pretende, en definitiva, é favorecer a transferencia do coñecemento universitario ao tecido empresarial e, en última instancia, á sociedade, ao tempo que se impulsa a creación e promoción dos nosos campus como polos de referencia de I+D+i en sectores fundamentais para a nosa economía como poden ser o termalismo ou a agricultura e gandaría.

Neste sentido, cómpre sinalar que a consellería está a dar tamén un forte impulso ao sector da gandaría e da veterinaria na provincia de Lugo a través da construción do novo Centro de Biomedicina e Veterinaria (Cebiovet), cun investimento de máis de 3,2 millóns de euros. Esta nova infraestrutura, xunto co Hospital Veterinario Universitario Rof Codina (HVU-RC), constituirán un complexo único en España, polo que contribuirán a situar Lugo como un foco de atención no eido da investigación en medianos e grandes animais.

O Plan de actuación do período 2015-2016, ao cal a Xunta destina máis de 1,3 millóns de euros, ten como obxectivos a definición e organización das estruturas de goberno, a elaboración dos plans operativos que permitan definir con maior concreción as futuras accións que se van desenvolver na segunda fase do Plan de actuación (2017-2019), e materializar as primeiras accións estratéxicas que se centrarán en potenciar e mellorar os servizos prestados e as estruturas do Campus Terra.

Articulación da gobernanza:

Ademais de definir as unidades de goberno do Campus Terra, o plan prevé a creación dunha unidade técnica que preste o apoio administrativo específico para a mellora

operativa do Campus Terra. Especial atención merece neste apartado a creación dunha rede de valor para promover a interacción cos grupos de interese, coa cal se quere promover un novo modelo de colaboración a longo prazo entre o Campus Terra e as institucións públicas e privadas, empresas, produtores e asociacións profesionais. O obxectivo é que estas apoiem e asesoren as iniciativas do Campus e que, deste xeito, o consideren como un provedor de servizos de excelencia nas súas áreas de especialización.

Neste sentido, está previsto favorecer a relación cos egresados – que poderán tamén continuar a súa formación a través do centro e-Terra, recollido nas primeiras accións estratéxicas- e cos colexios profesionais, buscando dar visibilidade e valor engadido aos produtos que ofrezca o Campus.

O obxectivo final é crear espazos de interacción e colaboración cos diferentes axentes implicados nos sectores de especialización que abrangan o Campus, de tal forma que a actividade académica e investigadora que se desenvolva nel redunde nun claro impacto socioeconómico e na transferencia de coñecemento á sociedade en xeral. Ademais, crearase un selo distintivo de calidade para certificar aquelas institucións, empresas e asociacións que manteñen unha colaboración co Campus Terra.

Outro dos obxectivos deste plan de actuación é elaborar unha diagnose da demanda empresarial co fin de ter en conta as necesidades de formar especialistas no eido forestal, agrario e alimentario de Galicia

Primeiras accións estratéxicas

En calquera caso, nesta primeira fase materializaranse as primeiras accións estratéxicas, centradas en potenciar e mellorar os servizos e as estruturas actuais de cara ao futuro Campus Terra. Neste sentido, está previsto poñer en marcha un portal web que posicione o Campus a nivel internacional e achegue visibilidade ás súas actividades. Ademais, crearase o centro e-Terra para ofertar formación non presencial que lles facilite aos egresados o reforzo e a actualización de coñecementos e que permita a captación de novos estudantes.

Por outra banda, fortaleceranse as estruturas de investigación xa existentes a través de actuacións como a mellora das plataformas tecnolóxicas, dos predios e invernadoiros experimentais, dos laboratorios de investigación alimentaria ou do animalario do Campus - cuxa actividade se verá incrementada coa entrada en funcionamento do Cebiovet-, entre outras accións estratéxicas.

CULTURA E EDUCACIÓN RENOVA A COLABORACIÓN CO CENTRO O PELOURO PARA FACILITAR A PRESTACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DA EDUCACIÓN E O ACCESO Á ESCOLARIZACIÓN DO ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECÍFICAS

- ***A Consellería reafirma así o seu compromiso coa atención á diversidade dos estudantes galegos, procurando aproveitar ao máximo as capacidades de cada alumna e alumno***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria renovará o convenio de colaboración que subscribe anualmente co centro neuropsicopedagóxico O Pelouro para facilitar a escolarización do alumnado con necesidades específicas de atención educativa, en concreto con aquel que presenta trastornos de personalidade e conduta ou en situación de risco para o seu desenvolvemento evolutivo. O Consello da Xunta de Galicia deu hoxe luz verde á sinatura dun novo acordo de colaboración, desta vez para o curso 2015/16, co cal a consellería reafirma o seu compromiso coa atención á diversidade do alumnado galego, procurando acadar o mellor de cada alumna e alumno de acordo coas súas capacidades.

Ao abeiro do convenio que se vai asinar, o centro O Pelouro prestará atención educativa e asistencial ao alumnado co fin de lograr o máximo desenvolvemento das súas potencialidades, no marco dunha comunidade socioeducativa e terapéutica. Esta atención desenvolverase en réxime de internado de diversos tipos, segundo as circunstancias familiares ou de terapia así o aconsellen, procurando o réxime máis adecuado para cada neno/a. Ademais, o centro ocuparase de orientar as familias do alumnado destas características.

Os fondos achegados pola Consellería de Educación destinaranse a aboar os salarios de persoal docente e complementario, aos gastos de funcionamento de unidades obxecto de convenio e á atención ao alumnado que ocupe as prazas de residencia.

Coa sinatura deste convenio a Consellería de Educación colabora co funcionamento do centro O Pelouro, que vén desenvolvendo desde 1973 a coeducación de escolares con necesidades educativas específicas mediante unha educación completa e integral da persoa baseada na súa diversidade.

CULTURA E EDUCACIÓN RENOVARÁ A SÚA COLABORACIÓN COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O FUNCIONAMENTO DO CENTRO DE FP RAMÓN CALVO SOTELO E DO IES RAFAEL PUGA RAMÓN

- ***A Consellería dá así continuidade ao servizo educativo que se vén prestando nestes centros***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Deputación Provincial da Coruña renovarán un ano máis a súa colaboración para o funcionamento de centros educativos, despois de que hoxe o Consello da Xunta autorizarase a sinatura de dous convenios, un para o funcionamento do Centro de Formación Profesional Calvo Sotelo e outro para o funcionamento do Instituto de Educación Secundaria Puga Ramón.

En total serán algo máis de 597.000 euros destinados ao funcionamento de ambos os dous centros, durante o curso escolar 2015/16. Trátase fundamentalmente de parte dos gastos de persoal (persoal docente e de administración e servizos), gastos xerais (subministración, reparacións), mantemento, limpeza e conservación.

Deste xeito, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria dá continuidade ao seu compromiso de manter o servizo público educativo de todos os alumnos e alumnas que están escolarizados nestes centros, tal e como vén facendo desde hai anos.

CULTURA E EDUCACIÓN E COGAMI POÑEN EN MARCHA O PROXECTO 'EN-RED-ARTE' CO OBXECTIVO DE MELLORAR O ACCESO Á CULTURA POR PARTE DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE

- ***Uns 200 usuarios terán acceso a obradoiros de artes plásticas, de fotografía artística, de escritura creativa, de teatro, de música tradicional e popular, e de danza contemporánea***
- ***O Consello da Xunta autorizou a posta en marcha desta iniciativa, á que o departamento de Cultura do Goberno galego destina 20.000 euros***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Confederación Galega de Persoas con Discapacidade (COGAMI) porán en marcha o proxecto 'En-Red-Arte', unha iniciativa que ten como principal finalidade mellorar o acceso á cultura por parte das persoas con discapacidade.

O Consello da Xunta autorizou hoxe o acordo de colaboración da consellería coa mencionada entidade, segundo o cal o departamento de Cultura do Goberno galego achega unha contía de 20.000 euros ao mencionado proxecto.

O proxecto 'En-Red-Arte' está deseñado co fin de proporcionarlles ás persoas con discapacidade a posibilidade de vivir experiencias culturais que teñan unha incidencia positiva na súa aprendizaxe, e que lles permita desenvolver a súa curiosidade, a formación do gusto e o seu sentido estético e crítico. Ao mesmo tempo, preténdese incentivar entre este colectivo o hábito de frecuentar actividades e eventos culturais, romper conceptos autolimitantes da actividade cultural e estimular a capacidade de superación persoal, entre outras.

Para lograr estes obxectivos levaranse a cabo distintos obradoiros de artes plásticas, de fotografía artística, de escritura creativa, de teatro, de música tradicional e popular, e de danza contemporánea. Todos eles están pensados para que os participantes –un total de 200 beneficiarios previstos– acaden unha base de coñecementos na materia concreta e, a partir de aí, fomentar o seu espírito creativo e artístico en cada unha das materias que se tratan, tendo en conta os gustos persoais de cada quen.

As actividades terán lugar nos centros de recursos de persoas con discapacidade e asociacións de membros da entidade, así como tamén nos espazos formativos que Cogami emprega habitualmente.

Integración social a través da cultura

Para o desenvolvemento cultural comunitario e persoal da cidadanía galega, as políticas de integración, tanto no público como na propia creación artística, son fundamentais para conseguir unha transformación progresiva a favor da heteroxeneidade e do enriquecemento do conxunto.

Con este fin, a Consellería –a través da Secretaría Xeral de Cultura- vén colaborando con diversas iniciativas, como o Festival Artístico Igual Arte da Fundación Igual Arte, que ofrece unha mostra da creatividade de compañías de arte integradas por persoas con discapacidade; ou o Encontro Artes pola Integración, que pon nas mans de grupos dalgunha forma excluídos da participación social unha serie de oportunidades, plataformas, iniciativas e ferramentas para facilitar a súa comunicación co resto da comunidade, ao tempo que dá a coñecer a capacidade expresiva deses grupos socialmente excluídos por razóns legais, sociais ou médicas.

A XUNTA E BOAGA INTENSIFICAN A PROMOCIÓN DOS RESULTADOS DAS ACTIVIDADES DE CONSERVACIÓN DAS RAZAS AUTÓCTONAS

- ***O Consello da Xunta vén de autorizar a sinatura da addenda ao convenio de colaboración da Consellería do Medio Rural e do Mar coa Federación de Razas Autóctonas de Galicia (Boaga)***
- ***A través dela auméntase en 242.000 euros a dotación financeira para a elaboración e difusión de material promocional sobre as distintas razas autóctonas galegas en perigo de extinción e o Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia***

O Consello da Xunta autorizou a sinatura da addenda ao convenio de colaboración da Consellería do Medio Rural e do Mar coa Federación de Razas Autóctonas de Galicia (Boaga) para o fomento das razas gandeiras autóctonas en perigo de extinción. A través desta addenda, o departamento que dirixe Rosa Quintana aumenta a dotación financeira desta colaboración en 242.000 euros para a elaboración e difusión de material promocional sobre as distintas razas autóctonas galegas en perigo de extinción e o Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia. Con este incremento económico, en total, a Consellería do Medio Rural e do Mar destina a esta colaboración 847.000 euros.

As actuacións van dirixidas fundamentalmente aos criadores e tamén ao público en xeral, co obxectivo de conseguir a súa implicación nos programas de mellora das razas e facer as razas comercialmente viables. O que se pretende é difundir os resultados acadados no desenvolvemento das actuacións previstas na medida de conservación de razas autóctonas do Programa de desenvolvemento rural, tanto ao sector gandeiro como á sociedade en xeral. A addenda subscríbese no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) nun 75%.

As actuacións que se realizarán a través desta addenda son vídeos promocionais sobre as accións de conservación de cada unha das razas autóctonas galegas en perigo de extinción na especie bovina (Cachena, Caldelá, Frieiresa, Limiá, Vianesa), ovina (Ovella Galega), caprina (Cabra Galega), aviar (Galiña de Mos), porcina (Porco Celta) e equina (Cabalo de Pura Raza Galega). Tamén manuais dirixidos a novos gandeiros que se incorporen aos sistemas de cría con razas autóctonas con información das distintas razas relacionada coa súa historia, evolución dos censos e das áreas de dispersión, caracterización xenética e produtiva das poboacións e novos sistemas de explotación.

Ademais, a colaboración tamén inclúe a elaboración de catálogos fotográficos das razas autóctonas galegas en perigo de extinción e compilarase material infográfico que permita a elaboración dunha videoguía que incluírá aspectos relativos ao Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia e as súas actividades, así como aspectos formativos a novos gandeiros interesados e produtores actuais.

O convenio

A Consellería do Medio Rural e do Mar mantén as obrigas recollidas no convenio do que fai a addenda, entre elas facilitar as parcelas, inmobles e maquinaria agrícola necesarios do Centro de Recursos Zootécnicos de Galicia para albergar os rabaños fundacionais das razas e participar na coordinación técnica das actuacións.

Por outra banda, Boaga continuará co inventariado, caracterización e avaliación dos censos das razas autóctonas galegas en perigo de extinción das seguintes especies: bovina (cachena, caldelá, frieiresa, limiá, vianesa), ovina (ovella galega), caprina (cabra galega), e aviar (galiña de Mos). Tamén incrementará o asesoramento na selección e mantemento da variabilidade xenética dos rabaños destas razas, realizará xornadas informativas anuais abertas a todos os criadores e continuará coa divulgación das posibilidades produtivas das razas.

BOAGA

A Federación de razas autóctonas de Galicia (Boaga) constituíuse en febreiro de 2001 como unha asociación sen ánimo de lucro, cun ámbito de actuación autonómico. Integra á maior parte dos propietarios de exemplares de razas autóctonas galegas en perigo de extinción e na actualidade está integrada por sete asociacións de criadores de razas autóctonas galegas en perigo de extinción, e mantén un convenio de colaboración con outra.

O PLAN DE GASIFICACIÓN 2015-2020 SUMA UN INVESTIMENTO DE 195 MILLÓNS PARA ACHEGAR O GAS NATURAL AO 82% DA POBOACIÓN GALEGA

- ***A estratexia, que xerará 900 empregos e desenvolverá Gas Natural Galicia, comprende a inclusión de novos municipios e parques empresariais, o crecemento en concellos e polígonos con infraestrutura e o mantemento dos equipamentos existentes, mellorando a competitividade empresarial e a calidade de vida dos cidadáns***
- ***Destinaranse 60 millóns á incorporación de 44 novos concellos á rede, ata acadar 113 municipios, e investiranse máis de 5 millóns na gasificación de 20 novos polígonos industriais que se suman aos 43 que xa tiñan acceso***
- ***Prevese a extensión da rede en 840 quilómetros ata superar os 4.000 e chegar a 370.000 puntos de subministración, entre empresas e fogares, que xerarán un aforro conxunto acumulado na factura enerxética de 5.400 millóns***
- ***Apostarase, xunto á potenciación do HUB de GNL, polo impulso do Gas Natural Comprimido (GNC) na mobilidade terrestre co obxectivo de transformar as frotas urbanas municipais de autobuses e RSU das sete grandes cidades***

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o novo Plan de Gasificación de Galicia para o período 2015-2020 que suma un investimento total de case 195 millóns de euros e facilita o acceso ao gas natural ao 82% da poboación galega. Este plan, que desenvolverá Gas Natural Galicia, comprende a inclusión na rede de subministración de novos concellos e parques empresariais que non contaban con acceso ata o de agora; o crecemento da rede nos municipios e polígonos que xa contan con instalacións de gas natural, e o mantemento das infraestruturas existentes. Deste xeito, durante a execución dos traballos xeraranse arredor de 900 novos postos de traballo ao tempo que se contribúe á mellora da competitividade empresarial e da calidade de vida dos cidadáns.

Neste sentido, o plan prevé a incorporación de 44 novos concellos á rede, para o cal está previsto un investimento de 60 millóns de euros. Tras a conclusión dos traballos, Galicia contará cun total de 113 municipios adheridos á rede, o que ofrecerá a máis de 2,2 millóns de galegos a posibilidade de acceder a esta fonte de enerxía.

Así, na provincia de Pontevedra incorporaranse 6 novos concellos –A Estrada, A Guarda, Cuntis, O Grove, Silleda e Tomiño-; na Coruña, 19 –Arzúa, Bergondo, Boiro, Cabanas, Camariñas, Carballo, Cariño, Cedeira, Melide, Muros, Noia, Ordes, Ortigueira, Pontedeume, Porto do Son, Rianxo, Sada, Valdoviño e Vimianzo-; en Ourense, 6 –Allariz, Celanova, O Barco de Valdeorras, Ribadavia, A Rúa e Verín-; e en Lugo, 13 –Burela, Chantada, A Fonsagrada, Foz, Guitiriz, Meira, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Monterroso, Quiroga, Ribadeo, Sarria e Xove-.

A este investimento na procura dunha maior calidade de vida da cidadanía súmase outro encamiñado a incrementar a competitividade do tecido empresarial galego. Neste contexto,

destinaranse máis de cinco millóns á gasificación de vinte novos polígonos industriais, unha cifra que dá continuidade aos 43 parques empresariais que xa dispoñen de conexión á rede de gas e que contribúe ao desenvolvemento económico das zonas beneficiadas, así como á integración e ao equilibrio territorial.

Todas estas actuacións suporán unha extensión da rede de gas de 840 quilómetros, superándose desta forma os 4.000 quilómetros de rede en Galicia. Deste xeito, chegarase ata os 370.000 puntos de subministración entre empresas e fogares, un 50% máis dos existentes hoxe en día, contribuíndo ao correspondente aforro económico e enerxético así como á mellora das condicións ambientais.

Neste sentido, cómpre salientar que, desde o inicio da gasificación na Comunidade en 1998 ata o ano 2020, está previsto acadar un aforro conxunto acumulado na factura enerxética de 5.400 millóns con respecto ao emprego doutras fontes enerxéticas. Así mesmo, neste período de tempo teranse evitado a emisión á atmosfera de preto de 14 millóns de toneladas de CO₂.

Gas natural no transporte

O Plan de gasificación para o período 2015-2020 prestará tamén unha especial atención á mobilidade terrestre. A finalidade é potenciar un cambio do modelo de transporte, en liñas coas políticas propugnadas pola Unión Europea neste eido.

Así, apostarase polo impulso do gas natural comprimido (GNC) na mobilidade terrestre, cun primeiro obxectivo centrado na transformación das frota urbanas municipais de autobuses e residuos sólidos urbanos das sete grandes cidades. Unha actuación esta que se suma á aposta de Galicia polo gas natural licuado (GNL) como combustible no transporte marítimo a través do desenvolvemento do HUB de GNL en Ferrol, que aspira a converter a Comunidade no centro de referencia de distribución enerxética do noroeste peninsular, facilitando aos buques impulsados por GNL un lugar estratéxico de reabastecemento e abrindo as portas á reparación destes tráxicos e á construción de novos buques.

A XUNTA EVITARÁ OS CORTES DE SUBMINISTRACIÓN ELÉCTRICA POR IMPAGAMENTO ÁS FAMILIAS GALEGAS MÁIS VULNERABLES

- ***O obxectivo céntrase na protección dos fogares con menos recursos garantindo o servizo básico***
- ***O Goberno galego identificará os posibles beneficiarios aos cales se lles outorgará unha axuda directa para o pagamento da cantidade pendente***
- ***A medida activarase en xaneiro de 2016 para facer fronte aos meses de novembro e decembro de 2015***
- ***Xunto ao ticket eléctrico social ao que xa se acolleron 1.700 familias galegas, conforman unha estratexia para atallar a pobreza enerxética***

A Xunta de Galicia, dentro da defensa que está a realizar dos consumidores máis vulnerables no contexto enerxético actual, traballa na posta en marcha dunha medida que evitará os cortes de subministración eléctrica por impagamento ás familias galegas máis vulnerables. A iniciativa, deseñada pola Consellería de Economía e Industria, permitirá cubrir o custo de dúas mensualidades ao ano por fogar, garantindo deste xeito o servizo básico.

O Goberno galego, a través da Consellería de Traballo e Benestar, identificará os posibles beneficiarios aos cales, tras a notificación á Xunta por parte das empresas comercializadoras, se lles outorgará unha axuda directa para o pagamento da cantidade pendente, que contará coa intervención inmediata do Goberno galego.

Neste sentido, cando algunha destas familias vulnerables estea en risco de sufrir un corte de subministración eléctrica como consecuencia dun impagamento ou un atraso no pago da factura, activarase un protocolo de emerxencia. Para axudar nos meses de inverno, con consumos maiores, o programa activarase en xaneiro de 2016, cubrindo xa as mensualidades correspondentes a novembro e decembro de 2015. As facturas que se acollan dentro desta medida non poderán superar en máis dun 20% a factura do mesmo periodo do ano anterior.

Continuidade do ticket eléctrico

Deste xeito, o Goberno galego dá un novo paso a favor dos consumidores máis vulnerables no actual escenario, que dificulta a moitas familias dispor dos recursos suficientes para o pagamento da enerxía coa que cubrir as súas principais necesidades. Así, esta nova medida, pioneira en España tanto polo seu obxecto como polo procedemento de tramitación, xunto co ticket eléctrico social ao cal xa se acolleron 1.700 familias galegas, conforman unha estratexia para atallar a pobreza enerxética.

Así mesmo, estanse a facer importantes esforzos na defensa dos consumidores eléctricos. Resolvéronse ao seu favor, grazas ao traballo do Instituto Galego de Consumo, máis do 75% das preto de 1.700 reclamacións presentadas neste eido nos seis primeiros meses de 2015. Ademais, nos últimos anos o Inega ten promovido entre a cidadanía distintas

actuacións encamiñadas a mellorar a conciencia colectiva sobre a importancia de aforrar enerxía, e apoiar os galegos na implantación deste tipo de medidas e de equipos máis eficientes.

SANIDADE PON EN MARCHA UN SISTEMA PIONEIRO DE ANÁLISE DA INFORMACIÓN CLÍNICA E EPIDEMIOLÓXICA PARA AVANZAR NA MEDICINA PREVENTIVA E PERSONALIZADA

- ***Nunha primeira fase, testarase na detección de casos sospeitosos de pacientes que podan ter enfermidades raras e posibles casos de pacientes crónicos***
- ***Ademais, avanzarase na investigación clínica no uso de stents, na detección de infeccións nosocomiais e na vixilancia de enfermidades sindrómicas***
- ***A partir do próximo ano iranse aumentando o conxunto de casos que se van analizar***
- ***Este servizo adxudicouse á empresa GMV Innovating Solutions por un total de 982.278 euros***

O Servizo Galego de Saúde porá en marcha, no último cuadrimestre do ano, un sistema pioneiro de análise da información clínica e epidemiolóxica baseado na tecnoloxía Big data, que permitirá avanzar na medicina personalizada e predicir e anticiparse as necesidades de saúde dos pacientes.

Grazas a unha plataforma tecnolóxica, xa creada e na cal se está a cargar a información, poderanse analizar os millóns de datos de saúde que se recollen diariamente na asistencia sanitaria prestada aos cidadáns galegos e, deste xeito, mellorar o proceso de toma de decisións clínicas.

Así, poderase estudar a poboación a través da definición de ámbitos específicos e coñecer e valorar os seus factores de risco presentes e futuros; avaliar a eficacia e eficiencia da atención sanitaria axudados pola evidencia a través da comparación de pacientes similares en condicións similares, e apoiar os diagnósticos e tratamentos con evidencia clínica comparable. Tamén permitirá realizar un diagnóstico precoz de enfermidades e crear bancos de datos como soporte á investigación.

Estes resultados poderán tamén extrapolarse da súa análise a nivel nacional ou internacional, o que sitúa Galicia nunha boa condición para potenciar e explotar estes sistemas salvagardando a custodia da información do pacientes, xa que, en todo momento, esta información vai residir no Sergas e a explotación dos resultados farase anónimo.

A contratación deste servizo por Compra Pública Innovadora, enmárcase no convenio Innova Saúde, cofinanciado nun 80% por fondos Feder-Fondo Tecnolóxico, e foi adxudicado á empresa GMV Innovating Solutions por un total de 982.278 euros e cun prazo de execución ata o 30 de novembro deste mesmo ano.

Primeira fase

Nunha primeira fase, ao longo do último cuadrimestre deste ano, aplicarase a plataforma ao rexistro de enfermidades raras de Galicia para axudar ao coñecemento da prevalenza

real destas doenzas, como algúns tipos de ataxia, fenilcetonuria ou fibrose quística, entre outras; e facilitará o seguimento de pacientes crónicos e a detección de casos

Ademais, avanza na investigación clínica no uso de stents; na detección de infeccións nosocomiais; e na vixilancia de enfermidades sindrómicas como abrochos de toxiinfeccións alimentarias ou cadros respiratorios agudos, entre outros.

A partir do próximo ano iranse aumentando o conxunto de casos que se van analizar con base na propia achega dos profesionais do Sergas e de colaboracións con outras entidades de investigación.